

TEMA 27. O MOVEMENTO OBREIRO NO SEXENIO DEMOCRÁTICO E NA RESTAURACIÓN¹

ORIENTACIÓNS DA PAU:

O alumnado terá que contextualizar a expansión do movemento obreiro no período político do Sexenio Democrático, relacionándoo co recoñecemento de dereitos na constitución de 1869 e coa influencia da AIT. Tamén deberá ofrecer unha explicación básica dos principios esenciais defendidos polas ideoloxías obreiras anarquista e marxista/socialista (obxectivos e medios empregados para a súa consecución). Así mesmo, cumprirá que se referise á evolución do movemento obreiro no último terzo do século XIX, sinaladamente da Restauración, como momento de consolidación das organizacións de traballadores e do recoñecemento dos sindicatos, sen esquecer os episodios represivos.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a

- organización do movemento obreiro español no contexto do Sexenio Democrático
- evolución das organizacións de traballadores durante a Restauración (consolidación/represión)
- principios ideolóxicos e modelos organizativos do anarquismo
- principios ideolóxicos e modelos organizativos do marxismo

1. INTRODUCCIÓN

Ao longo do XIX e como consecuencia da chegada do liberalismo e da industrialización, a “sociedade estamental” desaparece, substituída por unha nova “sociedade de clases”, na que os novos protagonistas son dous grupos sociais emerxentes:

- Burguesía: dona das fábricas (medios de produción) e parte da oligarquía que ocupa o poder político
- Proletariado: traballadores sen dereitos nin poder, que só tiñan a súa forza de traballo e que vivían en durísimas condicións (salarios ínfimos, explotación laboral e infantil etc.).

Estas lamentables condicións xunto coa progresiva conciencia de clase provocaron o nacemento do chamado movemento obreiro: o intento do proletariado de organizarse contra a burguesía (patróns/goberno) coa finalidade de mellorar os seus salarios e condicións laborais ás que os burgueses o sometían.

O movemento obreiro en España está inspirado en dúas ideoloxías do movemento obreiro en Europa: a anarquismo e o socialismo ou marxismo. Con todo, antes da chegada destas ideas, temos que mencionar o contexto de aparición do movemento obreiro e as súas expresións primixenias.

2. ORIXES DO MOVEMENTO OBREIRO

O retraso na industrialización en España marca, tamén, o retraso na creación dun movemento obreiro. Até o Sexenio Democrático podemos falar de tres momentos do movemento obreiro que coinciden con tres mecanismos de protesta. Entre a década de 1820 e a de 1860, o movemento obreiro ten as seguintes expresións na zonas de maior industrialización de España, sobre todo, Cataluña.

Ludismo: Movemento de protesta dos obreiros contra as máquinas, provocando o estrago das máquinas e incendio de fábricas nas protestas. Podemos mencionar episodios ludistas en Alcoi (1821), Barcelona (1835) ou na Coruña na fábrica de tabacos en 1857.

As **Sociedades de Socorro Mutuo:** Teñen un carácter de axuda en caso de desemprego ou enfermidade sumado a certas demandas de melloras laborais. Son legalizadas en 1839, mais o seu carácter reivindicativo fará que durante a Década moderada sexan prohibidas (1844). Esta será unha constante na evolución do movemento obreiro, un camiño entre a legalidade e a clandestinidade.

¹ Texto baseado no material de Andrea Moreno, algo de Miguel Abaira e outro pouco do manual de Historia de España da editorial Baía, da cal, penso bebemos os tres [https://drive.google.com/file/d/10ZjZlPY31hGtM_NKIM_d311jGtI-dGQ4/view] [https://docs.google.com/document/d/1Kbl6XUICXyskhBQRQplZtci_1fR91NUFEZpO03bJiDc/edit]. Para a lexislación laboral: <https://www.ub.edu/ciudadania/hipertexto/evolucion/introduccion/trabajo/trabf2.htm>

As **Folgas** como mecanismo de protesta estaban prohibidas. Das primeiras folgas, destaca a de 1855 en Barcelona. Entre outras demandas, os obreiros pedían o dereito a asociación. Durante o Bienio Progresista apróbase a Lei do Traballo nese mesmo ano, mais o movemento obreiro observará coma a lexislación favorece á burguesía.

3. O MOVEMENTO OBREIRO A PARTIR DO SEXENIO DEMOCRÁTICO

No período que media entre o Bienio Progresista e a Revolución de 1868, o movemento obreiro vai estar aletargado. A forte represión da folga xeral de 1855 sumado aos gobernos unionistas e moderados limitarán a súa expansión. Non será até o Sexenio Democrático cando as liberdades políticas e o propio desenvolvemento da industrialización permitan un maior impulso do movemento obreiro. A Constitución de 1869 recoñece a liberdade de asociación e será neste momento cando aparezan as novas ideoloxías obreiras do anarquismo e socialismo en España.

Con todo, o Sexenio non cumprirá todas as expectativas do movemento obreiro. Cuestións como o sorteo de quintos, o imposto de consumos ou o mantemento da monarquía no comezo do período, farán que o movemento obreiro adquiera cultura organizativa, conciencia de clase e abrace as correntes anarquistas e marxistas. As aspiracións revolucionarias de setembro de 1868 veranse truncadas polos sucesivos gobernos. Mesmo na I República, o movemento obreiro, ligado ás revoltas cantonalistas é visto como un problema de orde pública por parte do goberno. Con todo, no Sexenio Democrático multiplicáronse os sindicatos por oficios así como a súa coordinación, no marco da AIT, e as accións reivindicativas.

Despois do golpe de Estado de Pavía (1874), o xeneral Serrano decretou a disolución da Asociación Internacional de Traballadores e prohibiu as asociacións obreiras. Na Restauración borbónica continuou a persecución do asociacionismo obreiro aínda que mantiveron a actividade na clandestinidade. Co goberno liberal de Sagasta de 1881 recoñécese o dereito de reunión e liberdade de prensa. A Lei de asociacións terá que agardar até 1887 coa legalización definitiva dos sindicatos obreiros.

4. O INTERNACIONALISMO EN ESPAÑA

En 1864 fundouse en Londres a Asociación Internacional de Traballadores (AIT), tamén coñecida como a I Internacional. No Estado español, a introdución da AIT produciuse en 1870 coa fundación en Barcelona da Federación Rexional Española (FRE) dentro da AIT. A FRE iniciou unha rápida expansión por toda España, maioritariamente en Cataluña, Aragón, Levante e Andalucía. No ano 1873 conta con case 40.000 afiliados. A súa andaina legal durou o que o Sexenio Democrático. O seu crecemento provocou un forte temor na burguesía. En 1874, durante a ditadura de Serrano, foi prohibida e actuou na clandestinidade até a súa disolución en 1881. A FRE, ao igual que a AIT, ten unha forte división interna entre marxistas e anarquistas. No caso español, estes últimos son os maioritarios, chegando a expulsar aos marxistas da organización.

5. O ANARQUISMO

Foi introducido a partir de 1868 en España por Giuseppe Fanelli, discípulo de Bakunin. O anarquismo tivo unha grande influencia entre o proletariado e o campesiñado xornaleiro, especialmente en Cataluña, Levante e Andalucía. É unha ideoloxía que defende a igualdade e liberdade de todo individuo. As consecuencias deste principio lévana a defender a destrución do Estado e calquera tipo de autoridade ou poder (político, relixioso, familiar, económico, militar), a eliminación da propiedade privada e a abolición do dereito a herdanza e das diferenzas de clases. A sociedade debía organizarse arredor de comunas autónomas, onde a autoridade fose substituída por acordos libres entre os seus habitantes, todos eles copropietarios dos medios de produción.

Caracterizouse pola súa división en dúas grandes correntes: a anarcosindical e a de acción directa.

Acción directa: Opción máis extremista foi a que lle deu ao anarquismo fama de violento e terrorista. Quizais influenciados polas visitas dos anarquistas Kropotkin e Malatesta. Esta corrente defendía a

máxima da **propaganda pola acción** que, traducido á época, traducíase na perpetración de atentados contra os intereses e personaxes da clase dominante. A partir de 1878, os seus partidarios son responsables de numerosas accións contra personaxes que consideraban símbolos da opresión: atentados contra Afonso XII e XIII; asasinato de Cánovas, Canalejas ou Dato ou o lanzamento da bomba do Liceo. Nesta liña, encádrase a organización secreta “Mano Negra”. Estas accións supuxeron unha dura represión contra anarquistas por parte do goberno.

Anarcosindical: os partidarios de centrar as actuacións no terreo sindical fundaron en 1881 en Barcelona a Federación de Traballadores da Rexión Española (FTRE), herdeira da FRE. As disensións internas limitaron a súa capacidade de acción e provocaron a súa transformación en 1888 na Federación de Resistencia ao Capital., de vida efémera.

A represión gobernamental acentúa a tendencia anarcosindical dentro do movemento ácrata. Entre as súas federacións locais destacou a Solidariedade Obreira, moi activa en Barcelona. No s. XX créase a CNT (Confederación Nacional do Traballo) e logo a máis radical FAI (Federación Anarquista Ibérica). Defendían a folga xeral revolucionaria como medio para a emancipación da clase obreira.

Un dos maiores éxitos da CNT foi a folga da fábrica “La Canadiense”, en 1919 en Barcelona, que supuxo un fito dentro dos logros do sindicato anarquista, a xornada de 8 horas. O anarquismo sindicalista foi a ideoloxía imperante entre o proletariado agrícola de Andalucía e os obreiros de Cataluña, Zaragoza e Valencia.

6. O SOCIALISMO MARXISTA

Influídos polos escritos de Karl Marx e Friedrich Engels, defendían a loita de clases protagonizada polo proletariado, organizándose en partidos e sindicatos obreiros para lograr alcanzar o poder e utilizar o Estado como instrumento de nivelación social. Unha vez conquistado o poder, a clase traballadora debía impor a ditadura do proletariado (expropiación da propiedade privada e dos medios financeiros e de produción). Esta camiño debía conducir cara a igualdade das condicións de vida na nova sociedade socialista. A presenza en España de Paul Lafargue e Laura Marx, xenro e filla de Marx, contribuíu ao pulo do socialismo. Así, en 1871 impulsa a creación da Nova Federación Madrileña, dentro da AIT.

En 1879, Pablo Iglesias, tipógrafo ferrolán afincado en Madrid e que xa participara na NFM, funda o PSOE (Partido Socialista Obrero Español), de xeito clandestino, xa que estaban prohibidos as asociacións obreiras. Celebra o seu primeiro congreso en 1888, unha vez aprobada a Lei de Asociacións.

Tamén en 1888 fúndase o sindicato afín UXT (Unión Xeral de Traballadores). Un dos seus primeiros logros foi a celebración do 1 de maio por primeira vez en 1890. O socialismo, a diferenza do anarquismo, optará pola dualidade sindical e política nas súas reivindicacións. A partir dese ano, o PSOE presentou candidatos ás eleccións xerais e municipais. En 1910 Pablo Iglesias será elixido deputado, o primeiro obreiro que accedeu ao parlamento español.

As zonas de maior implantación inicial foron Madrid, Biscaia e Asturias e, posteriormente, Cataluña e o campo andaluz.

7. CONFLITIVIDADE SOCIAL

Será a partir de finais do XIX cando a conflitividade social se incremente con numerosas folgas e protestas contra a suba de prezos (motíns de “consumos”), revoltas no campo pola mala situación dos xornaleiros e folgas organizadas a partir de 1890, pola celebración do Primeiro de Maio. Á par, a sucesión de atentados anarquistas, como a bomba no Liceo ou o asasinato de Cánovas, protagonizarán o final do s. XIX. A represión ao movemento obreiro será constante. O Estado liberal durante os reinados de Afonso XII e XIII exerceu sempre unha forte vixilancia sobre o movemento obreiro e os gobernos non dubidaron en empregar a forza, recorrendo á Garda Civil ou ao exército, como medio para sufocar as manifestacións e as folgas. sobre todo aos anarquistas, durante o reinado de Afonso XII e XIII.

8. LEXISLACIÓN LABORAL.

Malia as dificultades, o movemento obreiro foi conseguindo que o estado liberal elaborase leis de carácter laboral que regulares o traballo:

1. Durante o Sexenio Revolucionario (1873), o ministro **Eduardo Benot** presentou o primeiro proxecto de lei laboral, que prohibía o emprego de nenos menores de 10 anos, limitaba a xornada segundo idade e sexo, e establecía obrigas de escolarización. Porén, a súa aplicación foi moi escasa.
2. En 1883 creouse a **Comisión de Reformas Sociais**, que tiña como función estudar a situación e as necesidades dos traballadores, pero, malia poñer de manifesto as duras condicións da clase obreira, foi criticada polos propios traballadores por considerar que en realidade defendía os intereses da patronal.
3. En 1900 aprobouse a **lei que regulaba o traballo de mulleres e nenos**, iniciando o intervencionismo estatal en España. Incluía por primeira vez a protección da maternidade, aínda que máis centrada nas funcións reprodutivas ca nos dereitos laborais das mulleres.
4. En 1903 creouse o **Instituto de Reformas Sociais** co obxectivo de elaborar e aplicar a lexislación laboral, organizar servizos de inspección e estatística e promover o benestar das clases obreiras.
5. Outras medidas lexislativas aprobadas foron o **dereito a folga** en 1909 e a redución da xornada laboral a **8 horas** en 1919.